| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente X** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A oferta no curso 2011-2012 foi de 240 prazas en total (180 en Santiago e 60 en Lugo). A matrícula nova foi de 218 estudantes (171 en Santiago e 47 en Lugo).

A relación entre oferta e demanda considérase satisfactoria, pero existe unha Comisión de Coordinación do Máster que é a responsable de valora anualmente a conveniencia de facer algún axuste. O establecemento de cotas de reserva por titulacións / itinerarios, formulado no anterior Informe de seguimento como unha "acción de mellora", debe ser valorado tamén coa perspectiva temporal suficiente para  identificar vantaxes e posibles problemas.

Os requisitos de acceso e admisión están recollidos con claridade na Orde ECI/3858/2007, na Memoria de Verificación do Título (apartado 4) e na normativa de matrícula no Máster (http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/master/master-profesorado.html). As especificidades sobre oferta de prazas por campus e especialidade, e sobre o perfil de acceso a cada unha delas regúlase por resolución reitoral (a do curso 2011-2012 é do 21 de xuño). Aínda que na MVT se prevén probas de acceso para situacións especiais, non houbo necesidade de realizalas
Non se ten constancia de que nin o procedemento nin o calendario establecido para a preinscrición e a matrícula provocase problemas de importancia.

A información web para o proceso de admisión e matrícula estivo ben visible mediante ligazón directa na páxina principal da USC. Algúns problemas de dispersión noutras informacións web que, como se indicou nunha nota inicial a este Informe, están sendo abordados polos servizos responsables da USC, consideramos que non afectaron ao criterio que se somete a seguimento neste apartado.

Persiste a dificultade sinalada no informe de seguimento do curso 2010-2011 para establecer correspondencias entre algunhas titulacións universitarias e as especialidades do Máster. Isto débese á complexidade de reducir a diversidade de títulos que dan acceso ao Máster ao número limitado de especialidades que se ofertan no Título. Esta situación ten difícil solución pola vía da ampliación de especialidades/itinerarios (inviabilidade económica, insuficiencia da demanda se se formulasen especialidades moi específicas, etc.).

Esta dificultade, que en todo caso só afecta a certas titulacións, abordouse entre o Servizo de xestión académica e a coordinación do Máster e resolveuse de forma satisfactoria a través de informes da Comisión académica. Este procedemento permitiu responder a algunhas situacións de adscrición problemática para titulacións non recollidas na resolución de acceso ao Máster (http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0894.PDF), maioritariamente do sistema universitario español e máis excepcionalmente do estranxeiro.

**Como conclusión, a valoración deste criterio é de suficiente, porque está funcionando de xeito globalmente satisfactorio, pero con algunha deficiencia que debe ser obxecto de mellora.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Boa comunicación entre a coordinación do Máster, a Xestora da Facultade de Ciencias da Educación e o Servizo de Xestión Académica que permitiu resolver con rapidez e eficacia algunhas situacións problemáticas.
- Boa sintonía e colaboración na Comisión académica do Máster para abordar incidencias imprevistas en relación co proceso de admisión.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Revisar o cadro de correspondencias entre titulacións universitarias e especialidades do Máster para resolver algún desaxuste e para adaptalo ás titulacións de grao.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria**<br>**X** | **A** | **Suficiente**<br>**X** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Como xa se indicou en apartados anteriores, a organización básica das ensinanzas (grandes módulos, número mínimo de créditos, descritores, competencias, etc.) está fixada na Orde ECI/3858/2007, e a súa concreción faise de maneira rigorosa e clara na Memoria de Verificación do Título (apartado 5 sobre "Planificación das ensinanzas").

Esta planificación mostra unha gran complexidade por mor de distintos factores, entre os que cómpre subliñar os seguintes: a) a existencia de diversas especialidades (6 en Santiago e 3 en Lugo) e itinerarios (11 en Santiago e 3 en Lugo); b) a diferenciación entre distintos módulos que requiren criterios organizativos diferentes: módulo de materias comúns, módulo específico de complementos de formación disciplinar e módulo de materias sobre didácticas específicas; c) a realización de dous períodos de prácticas externas en centros de secundaria de toda Galicia; d) a xestión, dirección e avaliación dos Traballos de fin de máster dun número tan elevado de alumnado; e) a participación na docencia do Máster dun número moi elevado de profesorado (62 no curso 2011-2012) pertencente a moi diversas áreas de coñecemento.

Malia a complexidade sinalada, as ensinanzas no curso que estamos analizando desenvolvéronse a nivel organizativo de xeito bastante satisfactorio: o calendario e horarios fixéronse públicos coa antelación suficiente, a docencia foi atendida na súa totalidade polo profesorado que a tiña asignada, a relación cos centros e titores de prácticas funcionou correctamente, o proceso de elaboración, defensa e avaliación dos Traballos de fin de máster resolveuse segundo as previsións nas distintas convocatorias, etc.

Débese indicar, porén, que estes resultados só foron posibles por unha dedicación e dispoñibilidade moitas veces por riba do esixible por parte da coordinación e da maior parte do profesorado, polo que é necesario sinalar algunhas debilidades que hai que abordar con urxencia, sinaladamente no que toca ao Prácticum e ao Traballo de fin de máster. Para o primeiro, conseguir unha actualización fiable por parte da Consellería de Educación dos centros e titores acreditados, e, para o segundo, reclamar un maior recoñecemento docente para o labor de dirección e estudar a posibilidade de fórmulas alternativas para a defensa deses traballos.

Tamén no ámbito da planificación das ensinanzas hai que sinalar que as decisións tomadas no curso 2011-2012 permitiron mellorar os agrupamentos en relación co curso anterior, se ben persisten no campus de Santiago algunhas materias comúns con arredor de 40 alumnos.

Finalmente, como balance das accións de mellora comprometidas no Informe de seguimento do curso 2010-2011, anterior, hai que deixar constancia do seguinte:

a) "Mellorar a coordinación entre os distintos bloques do Máster e dentro de cada especialidade para evitar solapamentos". Concretouse en dúas reunións realizadas ao longo do curso 2011-2012: unha para informar o profesorado do módulo común ao dos módulos específicos sobre os programas das súas materias e outra sobre o Traballo de fin de máster. Este proceso non se pode considerar máis que iniciado.

b) "Mellorar a coordinación no Prácticum entre a Facultade e os centros de prácticas, labor no que hai que implicar tamén a Consellería de Educación". Manifestouse a través de tres iniciativas: unha reunión cos coordinadores do Prácticum nos centros que reciben alumnado do Máster, unha enquisa de valoración do funcionamento do Prácticum remitida a todos os titores e contestada case pola totalidade, e unha iniciativa asumida pola Consellería de Educación de actualización dos centros e titores acreditados a través da súa plataforma XADE (iniciativa que resultou pouco eficaz).

c) "Definir con claridade o formato e os criterios de avaliación dos Traballos de Fin de Máster". Materializouse na elaboración e aprobación dunha Guía común para os campus de Santiago e Lugo.

d) "Abrir un debate sobre a especialidade de Orientación Educativa". Concretouse na elaboración dunha proposta de reforma da especialidade para adaptala á Orde EDU/3498/2011. Esa proposta foi aprobada na Comisión académica do Máster o 18 de xullo de 2012, no Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2012 e no Consello Social o 13 de novembro, estando no momento de redacción deste Informe pendente da contestación da Secretaría xeral de universidades. A previsión é que se implante no curso 2013-2014.

**En función do exposto, e poñendo en relación as dificultades obxectivas e os resultados acadados, a valoración global deste criterio é bastante satisfactoria.**

| |
|---|
| **BOAS PRÁCTICAS:**<br>- Sesións informativas e de coordinación en distintos momentos e a varios niveis: co conxunto do profesorado no mes de setembro, co alumnado na inauguración do curso, cos coordinadores nos centros de secundaria antes do Prácticum 1 e co alumnado e cos supervisores da universidade antes do Prácticum 1 e do Prácticum 2.<br>- Enquisa aos titores de secundaria para detectar o seu grao de satisfacción co funcionamento do Prácticum e para recibir achegas.<br>- Elaboración e aprobación de Guías docentes do Prácticum e do Traballo de fin de máster unificadas para oa campus de Santiago e de Lugo.<br>- Elaboración e aprobación dun protocolo de relación cos centros de prácticas común para os campus de Lugo e Santiago. |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>1.- Xornada de traballo sobre o Prácticum con participación de titores e coordinadores dos centros de secundaria e cos supervisores do Prácticum na universidade. Realizarase no segundo semestre do curso 2012-2013, antes da incorporación aos centros para realizar o Prácticum 2.<br>2.- Mellora no recoñecemento docente para a dirección de Traballos de fin de máster e posibles alternativas para a súa defensa e avaliación. |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## RECURSOS HUMANOS

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria X | A | Suficiente X | B | Insuficiente X | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

**Profesorado:**

Toda a docencia do Máster foi atendida por profesorado pertencente ás áreas de coñecemento recoñecidas na universidade, polo que se entende que cumpre todos os requisitos de cualificación e idoneidade.

A asignación de docencia realízana os departamentos de acordo coa normativa da USC e cos seus criterios internos. A coordinación do Máster, previa aprobación en reunión da Comisión académica o 23/02/2012), trasladou ás direccións dos departamentos as seguintes indicacións orientadas a garantir a calidade da docencia (reprodución lieral):

a) Evitar unha fragmentación excesiva das materias, atendendo ás indicacións da memoria do Máster e á Normativa de Planificación Anual (aprobada o 22/12/2011) que no punto 2, páx. 17, indica *"Para as titulacións de Máster recoméndase que non haxa máis de dous profesores encargados dunha materia se esta ten máis de 3 créditos e 1 profesor no caso de que teña 3 créditos ou menos. Cando esta norma non se cumpra, deberá achegarse a oportuna xustificación"*

b) Necesidade de elaborar e publicar os programas de acordo co modelo oficial da USC no prazo establecido. A Comisión Académica supervisará e esixirá o cumprimento desta obriga.

c) Necesidade de que todo o profesorado con docencia nalgunha materia do Máster asuma docencia en TFM. Dada a elevada matrícula deste Máster, este é un requisito imprescindible para poder atender a todo o alumnado dunha maneira satisfactoria.

O profesorado pertence a corpos universitarios diversos (catedráticos, titulares, contratados-doutor, axudantes-doutor e asociados) e a súa categoría figura nos departamentos de pertenza. Considérase un valor positivo a variedade dos distintos ámbitos científicos e docentes de procedencia: dos 62 docentes que participaron no Máster no campus de Santiago no curso 2011-2012, o colectivo máis numeroso pertence a áreas de ciencias da educación (30), pero participan docentes de áreas moi diversas nos complementos de formación disciplinar (22) e un número considerable de profesores de secundaria en réxime de asociados (10)

Tanto o número como a diversidade de procedencia do profesorado implica dificultades na xestión (compatibilidade de horarios, organización dos tribunais para os Traballos de fin de máster, etc.), pero que se resolveron sen problemas de relevancia.

**Conclusión: A valoración deste criterio, no referente ao profesorado, é de satisfactorio.**

**Titores e coordinadores de secundaria para o Prácticum:**

O Prácticum do alumnado do campus de Santiago desenvolveuse en 56 centros, o que supuxo a colaboración de 56 coordinadores neses centros e 146 titores.

A acreditación de centros e titores colaboradores do Prácticum realízaa a Consellería de Educación de acordo coa Orde do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio de 2011). Cada curso a propia Consellería fai unha convocatoria para que os centros presenten solicitudes de actualización deses datos.

O proceso está perfectamente regulado, pero está funcionando con bastantes deficiencias por causas diversas (número de centros, cambios nas direccións deses centros, modificación no status do profesorado por xubilacións ou traslados, etc.). A consecuencia é que se fai difícil dispor dunha nómina de coordinadores e titores actualizada e fiable no comezo do Prácticum 1 (a primeiros de novembro). É, pois, unha situación que se debe mellorar.

No que se refire ao nivel de implicación de coordinadores e titores, a valoración global é positiva, e o seu nivel de satisfacción tamén, tal como o demostran os resultados da enquisa que contestaron no remate do Prácticum 2. As medias obtidas, nunha escala de 1 a 5, foron as seguintes:

- Adecuación do calendario: 3,71.
- Información facilitada desde a coordinación do Máster: 4,04.
- Relacións co titor-supervisor da universidade: 3,31.
- Facilidades no propio centro para desenvolver o seu labor: 4,76.

- Actitude do alumnado en pácticas: 4,89.
- Satisfacción global: 4,44.

**Conclusión: A valoración deste criterio, no referente ao profesorado de secundaria que colabora no Prácticum, é de satisfactorio.**

**Persoal de administración e servizos:**

O Título obxecto de seguimento comparte para a súa xestión o persoal de administración e servizos dos centros en que se desenvolve.

No caso da Facultade de Ciencias da Educación, este persoal é claramente insuficiente; necesitaríase un reforzo na conserxería (hai unha única persoa en horario de tarde, que é no que se desenvolve a docencia do Máster) e tamén para as cuestións administrativas (existe unha única persoa, neste caso con horario de mañá, que ten que atender á xestión dos Graos de Primaria e Infantil a máis do Máster). Esta situación de precariedade xa se indicou no Informe do curso 2010-2011.

**Conclusión: A valoración deste criterio, no referente ao persoal de administración e servizos, é de insuficiente, se ben cómpre aclarar que esta valoración se refire ao número de persoas dispoñibles para estas funcións e non á súa actitude e rendemento.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Reunión informativa e de coordinación no comezo do curso co conxunto do profesorado.
- Reunións para a preparación dos Prácticum cos coordinadores nos centros de secundaria antes do Prácticum 1 e co alumnado e cos supervisores da universidade antes do Prácticum 1 e do Prácticum 2.
- Enquisa aos titores de secundaria para detectar o seu grao de satisfacción co funcionamento do Prácticum e para recibir achegas de mellora.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Conseguir reforzo do apoio administrativo e do servizo de conserxería para o centro no que se desenvolve o Máster en Santiago de Compostela (Campus Norte).

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
| --- | --- |
| | |

| RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente X** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Na Memoria de Verificación do Título (apartado 7) identifícanse os recursos materiais e os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.

A situación varía en función do tipo de servizo, e o máis destacable é o seguinte:

- Considérase **satisfactorio** o servizo de biblioteca, tanto pola dotación como polo sistema de acceso libre de que dispón.
- Valóranse como **suficientes** os recursos informáticos, porque existe unha dotación básica, pero con algúns equipos que cómpre renovar.
- O equipamento das aulas no campus de Santiago presentaba algunhas deficiencias que **melloraron** pola dotación de mesas e cadeiras para case todas elas en substitución das cadeiras de pá, pero estas persisten aínda nalgunha delas
- É bastante **mellorable** o sistema de xestión informática do Máster. Estase funcionando co programa Microsoft Excel que non responde ás esixencias da organización dun Máster destas dimensións e características.

Tendo en conta que o Título ten dous Prácticum que supón outras tantas estadías en centros de secundaria, é necesario facer referencia neste criterio tamén á relación con servizos externos da Consellería de Educación. Como xa se indicou no criterio "Recursos humanos", o sistema de acreditación de centros e titores por parte da Consellería está funcionando de forma insatisfactoria. Non dispor dunha base de datos perfectamente actualizada antes no comezo do curso complica moito a xestión do Prácticum.

**Cos matices sinalados na descrición anterior, a valoración global deste criterio é de suficiente.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Equipamento da maior parte das aulas con mesas para os estudantes en substitución das cadeiras de pá.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Estudar a posibilidade dunha ferramenta informática alternativa que facilite a xestión do Máster.
- Completar a substitución das cadeiras de pá en todas as aulas.
- Negociar coa Consellería de Educación un procedemento máis eficaz para a acreditación de centros e titores que permita dispor dunha base de datos fiable e actualizada de centros e titores.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| RESULTADOS PREVISTOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria X** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A Memoria de Verificación do Título cuantificaba os resultados previstos das seguinte maneira:

- Taxa de graduación: 80%
- Taxa de abandono: 15%
- Taxa de eficiencia: 85%

Os resultados obtidos nestes indicadores melloran claramente estas expectativas. A información pódese consultar con máis detalle en http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html, onde se detallan por curso e especialidades do Máster, pero nunha síntese de todas elas para o curso 2011-2012 os datos son os seguintes:

- Taxa de rendemento: entre o 96,5% e o 100%
- Taxa de éxito: entre o 99,5% e o 100%
- Taxa de avaliación: entre o 95,5% e o 100%
- Taxa de eficiencia: entre o 96,3 e o 100%

Só nunha especialidade –a denominada "Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática: Ciencias Experimentais" aparecen taxas bastante máis baixas (61,8%, 79,1%, 78,2%, segundo os indicadores). Este desaxuste en relación coas demais resulta sorprendente, porque na información que se ten na coordinación do título non hai nada que o xustifique. A denominación correcta da especialidade en cuestión é "Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática" (sen o engadido de "Ciencias experimentais"), que é a que entendemos que hai que ter en conta, e que ofrece taxas moito máis concordantes coas outras.

A valoración dos estudantes reflectida na enquisa de satisfacción é relativamente satisfactoria, pero indica que hai marxe de mellora (4,82 en Santiago e 4, 27 en Lugo, nunha escala de 1 a 7) (http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/calidade/descargas/DatosInformes/Informe_avaliacion_docencia_2010-2011.pdf)

**O grao de cumprimento do criterio, contrastando as previsións da MVT e as taxas obtidas, é, en consecuencia, satisfactorio.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Realización no curso actual dunha avaliación específica para comprobar o nivel de satisfacción do profesorado e do alumnado e para identificar posibles debilidades.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE

*Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente X | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O grao de cumprimento do criterio de 'sistema de garantía de calidade' que se establece na Memoria do Título e o Sistema de Garantía Interna da Calidade resulta satisfactorio, polo grao de concordancia existente entre ambos. Ademais, na MVT recóllense ademais instrumentos de control e garantía de calidade.
O Informe final do Sistema de Garantía Interno da Calidade do Centro (SGIC) obtivo valoración positiva da ACSUG con data 30 de abril de 2012. Está previsto iniciar accións para o seu desenvolvemento no curso académico 2012-2013.

Con todo, a complexidade deste Máster (número de alumnos, número de profesores, diversidade de especialidades e materias, existencia de dosu períodos de prácticas externas, etc.) esixe activar medidas de coordinación a todos os niveis e tamén garantir unha boa colaboración con ámbitos externos á USC, en concreto, coa Consellería de Educación e cos centros de secundaria. A existencia dun convenio de colaboración entre as as dúas institucións para o Prácticum facilita esta colaboración.

**A valoración global deste criterio non é doada, porque o sistema de garantía de calidade está aprobado, pero pendente de implementación. Existe o compromiso dos centros en que se desenvolve o Máster de facelo ao longo do curso 2012-2013. A existencia de manuais xa aprobados pola ACSUg é un punto de partida positivo, pero debe traducirse en accións concretas.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Realización no curso actual dunha avaliación específica para comprobar o nivel de satisfacción do profesorado e do alumnado e para identificar posibles debilidades.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

# CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN

*Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria X | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O título está implantado e vense desenvolvendo desde o curso 2009-2010.

Para o curso 2013-2014 prevese a implantación da reforma da especialidade de Orientación Educatica. Foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2012 e polo Consello Social o 12 deste mesmo mes.

O cumprimento deste criterio considérase **satisfactorio.**

**BOAS PRÁCTICAS:**

Deseño e aprobación totalmente consensuada da reforma da especialidade de Orientación Educativa

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)** |
| Especificar o número máximo de créditos susceptibles de seren transferidos e recoñecidos. | Na contestación a esta recomendación a Comisión redactora da memoria do título argumentaba, que coa información dispoñible naquel momento, non era posible establecer ese límite, polo que se asumía a normativa da USC.<br><br>Esta normativa de carácter xeral é a que segue rexendo na actualidade, complementada co que establece o artigo 6 do Real Decreto 861/2010 que fixa un máximo do 15% do total de créditos do Título para seren recoñecidos pola experiencia laboral e profesional.<br><br>Calquera outra situación singular é abordada e resolvida pola Comisión académica. |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (curso 2010-2011) | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)** |
| Completar a información sobre o Traballo de fin de máster tanto na web de Santiago como na de Lugo. | Recomendación xa atendida. As Guías do Prácticum e do Traballo de Fin de Máster están publicadas nos web dos dous centros no curso 2012-2013. A iniciativa foi da coordinación do Máster e os documentos foron refrendados pola Comisión Académica. |
| Actualizar os datos das taxas de calidade e facilitar o acceso ás mesmas. | A USC está traballando nun novo deseño da páxina web para facilitar o acceso a toda a información que fornece a institución, entre ela, a da Vicerreitoría de calidade. A USC comprométese a rematar este proceso no curso 2012-2013 e os centros nos que se desenvolve o Título asumen o mesmo compromiso na parte que lle compete. |
| Formúlanse carencias diversas na "Valoración de cumprimento do proxecto": detalle das titulacións de acceso nas que se detectan desaxustes coa especialidade do Máster e falta de concreción nalgúns datos da organización académica ou da idoneidade do profesorado. | A moitas delas dase contestación polo miúdo no Informe actual. En concreto:<br><br>a) Explícase a dificultade para garantir unha correspondencia total entre as titulacións de acceso e as especialidades do Máster, á vez que se deixa constancia das medidas tomadas ou previstas para mellorar esta situación.<br><br>b) Detállase a composición do profesorado do Máster atendendo ás súas áreas ou ámbitos de procedencia, cuestión que consideramos máis relevante ca o seu rango administrativo.<br><br>c) Sinálanse accións levadas a cabo en relación co Prácticum, tanto na definición e publicidade da súa Guía docente como no protocolo de relación cos centros e titores de secundaria. |
| Dentro do apartado "Valoración do cumprimento do proxecto" fanse recomendacións tamén sobre o Prácticum no sentido de establecer vínculos entre o Título e os centros de secundaria. | Esta recomendación atendeuse a través de dúas fórmulas:<br><br>a) As reunións de coordinación cos representantes dos centros de secundaria.<br><br>b) A enquisa sobre satisfacción e detección de problemas |

| | |
|---|---|
| | aos titores.<br><br>A información extraída destas dúas accións orientou aspectos importantes da Guía do Prácticum.<br><br>Tal como se indica no apartado correspondente, no curso 2012-2013 prevese realizar unha xornada de traballo cos titores. |
| Prescindir da descrición de boas prácticas que corresponden a actividades habituais nun contexto de ensinanza-aprendizaxe | Enténdese esta recomendación, pero mantéñense algunhas delas no Informe actual, porque se quere deixar constancia de que son accións de mellora que se realizan. Non sempre o que debe ser habitual e necesario se corresponde coa práctica real. |